



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MULLER E IGUALDADE. SECCIÓN DE IGUALDADE

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA AREA DE MULLER E IGUALDADE (SECCIÓN DE IGUALDADE) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2024

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, dáse publicidade ás subvencións directas (nominativas e excepciónais) tramitadas pola area de Muller e Igualdade (Sección de Igualdade) da Deputación Provincial de Lugo, no cuarto trimestre do ano 2024:

ÁREA PES (2023 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPOS SUBVENCIÓN	OBXECTO/ ACTIVIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	Nº ANOS	ORGANO DE APROBACIÓN
Muller e Igualdade	Igualdade	Asoc. de Mujeres Empresarias de la Provincia de Lugo	G-27105220	Nominativa	Premios Son Muller	2311.48900	3.500,00 €	1	Presidencia

Lugo, 9 de xaneiro de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023 O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0064

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. SECCIÓN DE BENESTAR SOCIAL

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA AREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL (SECCIÓN DE BENESTAR SOCIAL) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2024

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, dáse publicidade ás subvencións directas (nominativas e excepciónais) tramitadas pola area de Promoción Económica e Social (Sección de Benestar Social) da Deputación Provincial de Lugo, no cuarto trimestre do ano 2024:

ÁREA PES (2023 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPOS SUBVENCIÓN	OBXECTO/ ACTIVIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	Nº ANOS	ORGANO DE APROBACIÓN
Promoción Económica e Social	Benestar Social	ASPANANE (Asociación De Pais De Persoas Con Discapacidade intelectual De Viveiro)	G-27027028	Nominativa	Apoio na Atención e Coidados a Persoas con Discapacidade Intelectual no Centro de Día de ASPANANE	2314.48900	5.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. Párkinson Lugo	G-27382027	Nominativa	Motivación para a Saúde na Enfermidade de Párkinson	2314.48900	7.000,00 €	1	Presidencia

ÁREA (2023-2025)	PES UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPOS SUBVENCIÓN	OBJECTO/ ACTIVIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	Nº ANOS APROBACIÓN	ORGANO DE APROBACIÓN
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Fundación de Daño Cerebral	G-27293505	Excepcional	Obras de reparación, ampliación e reforma do centro de atención a persoas con dano cerebral	2314.789	135.000,00 €	4	Xunta de Goberno
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc Clúster de Saúde Galicia CSG	G-70308143	Excepcional	Alugamento de espazos para a celebración do FORUM RIES en Guitiriz	2314.48911	6.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asc. Somos Unidos por el Cáncer	G-27461714	Excepcional	X Aniversario Somos Unidos por el Cáncer	2314.48911	1.500,00 €	1	Presidencia

Lugo, 9 de xaneiro de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023 O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0065

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 03/01/2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de agosto do 2024 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 09/03/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 10 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R.0066

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 03/01/2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de Outubro de 2024 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 12/03/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 10 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0067

CERVANTES

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Aprobada provisionalmente polo Pleno deste Concello na sesión celebrada o 27 de decembro de 2024 a modificación da ordenanza fiscal nº 12 reguladora da taxa pola recollida de residuos sólidos urbáns, o referido acordo de modificación e a respectiva ordenanza expóñense ao público polo prazo de 30 días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas, que deberán ser dirxidas ó Sr .alcalde-presidente da Corporación.

Cervantes, 8 de xaneiro 2025.- O Alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 0068

MONTERROSO

Anuncio

O Pleno do Concello de Monterroso en sesión ordinaria celebrada o 12/11/24 acordou aprobar inicialmente a modificación dos artigos 7 e 9 da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo na Escola Infantil Municipal do Concello de Monterroso. O citado acordo foi exposto ao público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de 20 de novembro de dous mil vinte e catro sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

“**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación dos artigos 7 e 9 da Ordenanza fiscal reguladora da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos do servizo na escola infantil municipal do Concello de Monterroso ca redacción que se expón a continuación:

Artigo 7.- Cota tributaria.

A contía do prezo público ven determinada pola aplicación dos prezos por asistencia do Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro e as súas modificacións, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 da Xunta de Galicia,

Atención educativa

O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26 €.

Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións

a) Rendas inferiores ao trinta por cento do indicador público de renda de efectos múltiples, en adiante IPREM. Prezo da praza 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM. Prezo da praza 0 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM. Prezo da praza: 34,91 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM. Prezo da praza: 69,81 €.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por por cento do IPREM.

Prezo da praza: 112,13 €.

f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM. Prezo da praza: 133,29 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 147,05 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 169,26 €

Respecto do prezo da atención educativa atendendo á posta en marcha pola Xunta de Galicia, da medida de gratuidade da atención educativa para todo o alumnado das escolas infantís durante o curso académico, e mentres dure esta medida, o Concello de Monterroso, bonificará o prezo público pola atención educativa na xornada ordinaria sendo esta bonificación do 100%.

Esta bonificación manterase no caso de ser concedida a subvención establecida na Orde anual da Xunta de Galicia para o funcionamento e gratuidade das escolas infantís, en aras do establecido para cada ano pola Lei de medidas fiscais e administrativas de Galicia.

Servizo de comedor.

O prezo por este servizo fíxase en 74,05 €.

Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifica

Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda da unidade familiar:

a) Rendas inferiores ao trinta por cento do indicador público de renda de efectos múltiples, en diante IPREM; servizo de comedor 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM; servizo de comedor 17,45 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM; servizo de comedor 17,45 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM; servizo de comedor 26,45 €.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM; servizo de comedor 37,02€.

- f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM; servizo de comedor 52,89 €.
- g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM; servizo de comedor 63,47 €.
- h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM; servizo de comedor 74,05 €.

O IPREM utilizado para estes cálculos será o que esté vixente no mes de xaneiro anterior ao do curso no que se pretende que produza os efectos.

No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 4,23 € por día. O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade. O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 21,16 €.

Artigo 9. Actualizacións dos prezos públicos

Os prezos públicos establecidos actualizaranse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice de prezos de consumo (IPC) para a Comunidade Autónoma de Galicia no mes de xaneiro anterior ao do curso escolar en que se pretenda que produza efectos, mediante resolución, que se publicará no Diario Oficial de Galicia, do órgano de dirección competente en materia de familia e infancia.

Segundo.-Dar ao expediente de modificación de ordenanzas fiscal a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a exposición dos mesmos no taboleiro de anuncios do concello de Monterroso e no Boletín Oficial da Provincia no prazo de trinta días hábiles, dentro dos que os interesados poderán examinar os expedientes e plantexar as reclamacións que estimen oportunas. No suposto de que non se formularan reclamacións ao expediente no prazo indicado, o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas Locais.

Terceiro.- A modificación da ordenanza fiscais entrará en vigor e comezará a súa aplicación ao día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da provincia da aprobación definitiva da mesma así como do texto íntegro da modificación.

Monterroso, 10 de xaneiro de 2025.- O Alcalde-Presidente, Eloy Pérez Sindín.

R. 0069

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 09/01/2025, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2024, o que se notifica aos efectos do seu coñecemento. Fíxase o período de cobro en voluntaria do 09/01/2025 ao 09/03/2025, ambos inclusive. Iníciase o período de exposición ao público polo prazo de 15 días contados a partir do día seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

As Nogais, 9 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0070

XERMADE

Anuncio

Aprobación definitiva do Regulamento da canle de denuncias do Concello de Xermade.

Ao non se presentaren reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 14 de novembro de 2024, de aprobación inicial do Regulamento da canle de denuncias do Concello de Xermade, o texto íntegro do cal faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

«REGULAMENTO DA CANLE DE DENUNCIAS DO CONCELLO DE XERMADE

PREÁMBULO

Coa aprobación da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, incorpórase ao dereito español a Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019.

A citada Directiva regula aspectos mínimos que han de satisfacer os distintos leitos de información a través dos cales unha persoa física que sexa coñecedora nun contexto laboral dunha infracción do Dereito da Unión Europea, poida dar a coñecer a existencia da mesma. En concreto, obriga a contar con canles internas de información a moitas empresas e entidades públicas porque se considera, e así tamén se recolleu en informes e estatísticas solicitados durante a elaboración do texto europeo, que é preferible que a información sobre prácticas irregulares se coñeza pola propia organización para corrixilas ou reparar canto antes os danos.

Ademáis de tales canles internas, esixe a Directiva a determinación doutras canles de información, denominados «externas», co fin de ofrecer á cidadanía unha comunicación cunha autoridade pública especializada, o que lles pode xerar máis confianza ao disipar o seu temor para sufrir algunha represalia na súa contorna. A Directiva europea 2019/1937 Directiva “Whistleblower”, relativa á protección das persoas que informan sobre infraccións ao dereito da Unión, establece a obrigatoriedade de que as entidades xurídicas dos sectores públicos e privados, con máis de 50 empregados, conten cunha canle de denuncias interna, plenamente implementado no seo das súas organizacións.

Neste sentido, o artigo 13.1.a) da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, Reguladora da Protección das Persoas que Informen sobre Infraccións Normativas e de Loita Contra a Corrupción, obriga a todas as entidades que integran o sector público a dispoñer dun Sistema interno de información nos termos previstos na propia lei; entendendo comprendidas como integrantes do sector públicos ás entidades que integran a Administración Local.

Entre as condicións e requisitos que debe reunir o sistema interno de información, e por tanto, para a implantación do mesmo, é preciso contar cun procedemento de xestión das informacións recibidas [art. 5.2 j) L 2/2023], procedemento que ha de ser aprobado polo órgano de administración ou de goberno de cada entidade ou organismo obrigado pola lei (art. 9.1 L 2/2023). Á devandita finalidade responde o presente Regulamento polo que se regula o Sistema Interno de Información e como elemento integrante do mesmo a Canle de Denuncias do Concello de Xermade, Organismos e Entidades dependentes ou vinculadas que se adhiran ao mesmo.

Artigo 1. Ámbito material de aplicación.

O obxecto de presente Regulamento é regular o Sistema Interno de Información e a Canle de Denuncias do Concello de Xermade, e protexer ás persoas que, nun contexto laboral ou profesional e no ámbito de competencias municipais, informen sobre calquera accións ou omisións que poidan constituír infraccións do Dereito da Unión Europea e accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infracción penal ou administrativa grave ou moi grave nos termos previstos no artigo 2 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, Reguladora da Protección das Persoas que Informen sobre Infraccións Normativas e de Loita Contra a Corrupción.

Artigo 2. Ámbito persoal de aplicación.

1. A Canle de Denuncias poderá ser utilizado por informantes que traballen no Concello de Xermade, entidades e organismos dependentes e que obtivesen información sobre infraccións nun contexto laboral ou profesional, comprendendo, en todo caso, ás persoas que teñan a condición de empregados públicos ou traballadores por conta allea, e calquera persoa que traballe para ou baixo a supervisión e a dirección de contratistas, subcontratistas e provedores do Concello e as súas entidades dependentes.

2. Tamén poderá utilizarse polos informantes que comuniquen ou revelen publicamente información sobre infraccións obtida no marco dunha relación laboral ou estatutaria xa finalizada, voluntarios, bolseiros, traballadores en períodos de formación con independencia de que perciban ou non unha remuneración, así como aqueles cuxa relación laboral aínda non comezase, nos casos en que a información sobre infraccións fose obtida durante o proceso de selección ou de negociación precontractual.

3. A persoa que informe ha de ter unha crenza razoable sobre a certeza da información que comunica e non formular comunicacións con mala fe ou abuso de dereito, podendo incorrer neste último caso en responsabilidade civil, penal ou administrativa.

Artigo 3. Responsable do Sistema Interno de Información.

1. De conformidade co disposto no artigo 5.1 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, a Alcaldía é a responsable da implantación do Sistema Interno de Información e do tratamento dos datos persoais.

Así mesmo, de acordo con o establecido no artigo 8 da citada Lei, A Alcaldía é o órgano competente para a designación do órgano responsable da xestión do sistema ou canle de denuncias.

2. O órgano responsable da xestión do sistema interno de información ou canle de denuncias desenvolverá as súas funcións de forma independente e autónoma respecto do resto dos órganos deste Concello, non poderá recibir instrucións de ningún tipo no seu exercicio e deberá dispoñer de todos os medios persoais e materiais necesarios para levalas a cabo.

3. O nomeamento, destitución ou cesamento da persoa responsable da xestión do sistema é competencia da Alcaldía.

A persoa física designada como órgano unipersoal será un/ha funcionario/a municipal.

Artigo 4. Medios para efectuar a denuncia. Canle de Denuncias do Concello de Xermade.

1. As denuncias poderán realizarse a través da Canle de Denuncias que a entidade pon ao dispor na súa Sede electrónica situada na seguinte dirección: <https://concellodexermade.sedelectronica.es>

2. A Canle de Denuncias admitirá tanto denuncias anónimas como denuncias que non o sexan. A identidade da persoa denunciante que opte por identificarse será confidencial, así como calquera outra información da que esta se poida deducir, directa ou indirectamente, estando o persoal responsable da canle de denuncias obrigado a mantela, aínda cando a persoa denunciada solicite coñecer a identidade do denunciante.

3. A Canle de Denuncias permitirá á persoa denunciante consultar o estado de tramitación dunha denuncia, mesmo no caso de presentar a denuncia de forma anónima, xa que se facilitará a toda denuncia presentada un código numérico único para o acceso ou seguimento posterior.

Artigo 5. Procedemento de xestión de informacións.

1. O procedemento de xestión de denuncias iníciase coa recepción da denuncia e finaliza coa resolución da denuncia e a aplicación das medidas que resulten pertinentes en cada caso.

2. As denuncias deberán presentarse, por calquera das formas previstas no artigo 4 deste Regulamento, a través da CANLE DE DENUNCIAS situado na Sede electrónica do Concello de Xermade, na seguinte dirección: <https://concellodexermade.sedelectronica.es>

3. As denuncias ou comunicacións deberán conter a seguinte información:

· No seu caso, identificación do informante ou denunciante: nome, apelidos e medio de contacto xa sexa a través de correo electrónico ou teléfono.

Con todo, as denuncias poderán ser realizadas de maneira anónima, aínda que isto implica que o nivel de detalle das comunicacións realizadas debe ser o suficientemente exhaustivo para a súa admisión a trámite. En todo caso, o responsable da Canle de denuncias deberá garantir que a identidade do denunciante, no caso de que este se identifique, será tratada coa máxima confidencialidade.

· Identidade do denunciado: en caso de coñecer a súa identidade, nome e apelidos, ou outros datos dos que se dispoña que permitan identificar de forma clara e unívoca á persoa sobre a que se queira comunicar información, así como os demais datos que se consideren relevantes tales como centro de traballo, área funcional, posto de traballo que desempeña etc.

· Motivo da denuncia: descrición detallada dos feitos, circunstancias ou condutas que a criterio do denunciante poidan constituír unha infracción de entre as previstas no artigo 2.º da Lei 2/2023, do 20 de febreiro.

· Evidencias concretas que dean soporte á denuncia: todos aqueles documentos dos que se dispoña para acreditar os feitos denunciados.

· No seu caso, indicación da relación laboral ou profesional que vincula ao informante co Concello de Xermade, entidade ou organismo dependente do concello mesmo, a efectos de que lle poidan resultar de aplicación as medidas de protección que establece a Lei 2/2023, do 20 de febreiro.

- Calquera outros datos que puidesen considerarse oportunos ou relevantes.

Recibida a denuncia ou información, o o responsable da xestión da Canle de Denuncias procederá a enviar ao informante o acuse de recibo no prazo máximo de sete días naturais seguintes á súa recepción, salvo que iso poida poñer en perigo a confidencialidade da comunicación.

4. Unha vez rexistrada a denuncia, o responsable da Canle deberá realizar unha análise preliminar para comprobar se aquela expón feitos ou condutas incluídas no ámbito de aplicación da Lei 2/2023, do 20 de febreiro. O resultado da devandita análise preliminar será:

a) Inadmisión a trámite da comunicación ou denuncia. A inadmisión producirase cando concorra algún dos seguintes supostos:

- Cando o informante non se atope dentro do ámbito subxectivo de aplicación conforme ao previsto no artigo 3 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro e o artigo 2 do presente regulamento.

- Os feitos relatados carezan de toda verosimilitude ou fundamento.

- Os feitos relatados non sexan constitutivos de infracción do Dereito da Unión Europea ou de actuacións ou omisións que poidan ser constitutivas de infracción penal ou administrativa grave ou moi grave nos termos previstos no artigo 2 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro.

b) Admisión a trámite: Só se admitirán a trámite aquelas denuncias que expoñan de forma clara e evidente feitos ou condutas constitutivas de infracción incluída no ámbito material de aplicación da Lei 2/2023.

En ambas as circunstancias, tanto se a denuncia foi admitida como inadmitida, comunicarse ao denunciante.

A inadmisión supoñerá a finalización do procedemento. Con todo, o denunciante poderá reformular a denuncia ou utilizar outras vías legais alternativas que considere adecuadas.

5. Apertura do proceso de investigación e instrución do procedemento:

a) En caso de admisión a trámite da denuncia recibida, o responsable da xestión da Canle de Denuncias procederá á apertura dun procedemento de investigación, que incluírá como primeira actuación a elaboración da listaxe de persoas que se involucrarán na investigación da denuncia, dependendo da súa natureza. Todos os membros involucrados no desenvolvemento da investigación teñen obriga de manter rigorosa confidencialidade sobre a información recibida, con especial atención aos datos recibidos das partes intervinientes no proceso. Para ese efecto, as persoas que vaian estar involucradas no proceso de investigación deberán asinar un compromiso de confidencialidade específico e reforzado.

b) A información e documentación relativa á investigación será de acceso restrinxido.

c) O responsable da Canle de Denuncias realizará todas as actuacións de instrución que considere necesarias encamiñadas á investigación da exactitude e veracidade da información recibida, así como ao esclarecemento dos feitos relatados, podendo efectuar, entre outras, as seguintes:

- Visitas de inspección, análise de datos, estudos e cantas actuacións informativas se consideren procedentes.

- Solicitar cantos antecedentes, informes, documentos, expedientes e datos necesite para o seu eficaz desenvolvemento.

- Solicitar á denunciante aclaracións ou información adicional.

As accións e consultas incluírán, cando se estime necesario, o mantemento de reunións e entrevistas coas persoas que considere apropiado, levantando acta da reunión ao finalizar a mesma a efectos de manter un seguimento do proceso. Así mesmo, poderán incluír a análise de datos ou obtención de información de fontes externas e a petición de probas periciais a profesionais internos ou externos.

d) Durante este período, o denunciado será informado da existencia da denuncia e o proceso de instrución en curso, excepto naqueles supostos nos que tal comunicación supoña un risco evidente e importante para a investigación, debéndose entón aprazar tal comunicación ata que tal perigo desapareza.

En todo momento garantirase que o tratamento dos datos do denunciado se realiza conforme á lexislación vixente.

e) Unha vez posto en coñecemento da persoa afectada sobre a que versa a información a instrución do procedemento, conferirase trámite de audiencia, sen prexuízo da posibilidade de presentar alegacións por escrito en calquera momento.

Ao obxecto de garantir o seu dereito de defensa e con absoluto respecto á súa presunción de inocencia, a persoa afectada terá acceso ao expediente, manténdose en calquera caso sen revelar calquera dato que puidese identificar á persoa denunciante.

Así mesmo, a persoa denunciada poderá ser entrevistada polo responsable da Canle de Denuncias, sempre con absoluto respecto á presunción de inocencia, coa finalidade de que expoña a súa versión dos feitos e a achegar todos aqueles medios de proba que considere adecuados e pertinentes.

Ao finalizar a entrevista levantarase acta da reunión. No seu caso, poderanse acordar directamente ou instar as áreas competentes á adopción das medidas cautelares necesarias para garantir as actuacións e a correcta marcha da investigación interna.

6. Durante todo o proceso manterase absoluta confidencialidade. Con carácter excepcional, a obriga de confidencialidade non será de aplicación, cando o responsable da Canle de Denuncias se vexa obrigado a revelar e/o poñer ao dispor información e/o documentación relativa ás súas actuacións, incluída a identidade das partes implicadas, a requirimento da autoridade xudicial ou administrativa competente.

O responsable da Canle de Denuncias será responsable de gardar todas e cada unha das evidencias que soporten as accións levadas a cabo, para todas aquelas denuncias que se investigaron, e sempre de acordo ao establecido en lexislación vixente en materia de protección de datos.

7. Finalizadas as actuacións de investigación, o responsable da Canle de Denuncias emitirá un informe sobre todas as actuacións levadas a cabo. Este informe conterá, polo menos:

- Unha exposición dos feitos relatados xunto co código de identificación da denuncia e a data de rexistro.
- Unha descrición das dilixencias e actuacións de investigación levadas a cabo, así como o resultado destas.
- As conclusións alcanzadas na instrución e a valoración das dilixencias e dos indicios que a sustentan, así como a formulación de proposta de actuacións, no seu caso.

8. Resolución da investigación:

O Órgano competente será o responsable de tomar as medidas que considere oportunas, entre as cales se contemplan:

- Arquivo do expediente: En caso de considerarse que non se produciu incumprimento algún por parte do denunciado ou por falta de evidencias documentais suficientes.
- No caso de que os feitos puidesen ser constitutivos dunha infracción penal, remitirase as actuacións ao Ministerio Fiscal. E se os feitos afectan os intereses financeiros da Unión Europea, remitirase á Fiscalía Europea.
- No caso de que os feitos puidesen ser constitutivos dunha infracción grave ou moi grave cometida por empregado público, ordenarase a apertura do correspondente expediente sancionador, correspondendo ao Departamento de Recursos Humanos ou órgano que sexa competente, a súa tramitación.

9. As decisións adoptadas con respecto á admisión, tramitación e resolución das informacións ou denuncias formuladas a través da Canle de Denuncias non serán recurribles en vía administrativa nin en vía contencioso-administrativa, sen prexuízo do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que puidese interpoñerse fronte á eventual resolución que poña fin ao procedemento sancionador que puidese incoarse con ocasión dos feitos relatados.

10. A duración máxima do procedemento será de tres meses a contar desde a recepción da comunicación ou, se non se remitiu un acuse de recibo ao informante, de tres meses a partir do vencemento do prazo de sete días despois de efectuarse a comunicación, salvo casos de especial complexidade que requiran unha ampliación do prazo, nese caso, este poderá estenderse ata un máximo doutros tres meses adicionais.

Artigo 6. Confidencialidade do informante.

1. Quen presente unha comunicación ou leve a cabo unha revelación pública ten dereito a que a súa identidade non sexa revelada a terceiras persoas.

2. Os sistemas internos de información, as canles externas e quen reciba revelacións públicas non obterán datos que permitan a identificación do informante e deberán contar con medidas técnicas e organizativas adecuadas para preservar a identidade e garantir a confidencialidade dos datos correspondentes ás persoas afectadas e a calquera terceiro que se mencione na información fornecida, especialmente a identidade do informante no caso de que se identificou.

3. A identidade do informante só poderá ser comunicada á Autoridade xudicial, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade administrativa competente no marco dunha investigación penal, disciplinaria ou sancionadora. En todo caso as revelacións estarán suxeitas a salvagardas establecidas na normativa aplicable. En particular, trasladarase ao informante antes de revelar a súa identidade, salvo que dita información puidese comprometer a investigación ou o procedemento xudicial. Cando a autoridade competente o comunique ao informante, remitiralle un escrito explicando os motivos da revelación dos datos confidenciais en cuestión.

Artigo 7. Información pública.

